



1. Condicións hixiénicas xerais da sala de sacrificio ao inicio da xornada de traballo



Documento principal

CONDICIONES HIXIÉNICAS AO INICIO DA XORNADA DE TRABALLO

REXISTRO DAS CONDICIÓNS

SUPERVISIÓN VETERINARIA (SVO)

CADRO DE DECISIÓNS



1. 1.- CONDICIÓN HIXIÉNICAS XERAIS DA SALA DE SACRIFICIO AO INICIO DA XORNADA DE TRABALLO

Antes de comezar a xornada de traballo a empresa garantirá as condicións hixiénicas da sala de sacrificio exixindo o máis perfecto estado de limpeza posible por parte do persoal, así como dos locais e o material.

Para isto, como mínimo, terá á disposición dos servizos veterinarios oficiais segundo o punto 2.g do artigo 5 do Regulamento 852/2004:

1. Rexistro da limpeza e desinfección segundo o modelo descrito no seu programa de limpeza e desinfección e/ou segundo o seu manual de puntos críticos.
2. Resultado da análise da auga de abastecemento segundo as normas descritas no RD 140/2003, do 7 de febreiro, polo que se establecen os criterios sanitarios da calidade da auga de consumo humano (ver modelo do Programa de abastecemento de auga no capítulo de Prerrequisitos).
3. Rexistro diario asinado pola empresa que garanta unhas condicións adecuadas ao inicio da xornada laboral ou calquera outro rexistro que conteña como mínimo os puntos seguintes:
 - Correcto funcionamento dos sistemas de desinfección dos útiles de traballo (esterilizadores a 82°C ou sistema equivalente).
 - Hai dous coitelos por posto de traballo.
 - Hai contedores adecuados para comisos e para MER.
 - Chega auga quente a todos os postos de traballo.

- Hai material de uso exclusivo.
- Os operarios teñen roupa adecuada e limpa.

Haberá unha epígrafe para observacións, as cales serán anotadas en caso de que as haxa.

O Servizo Veterinario Oficial fará unha comprobación, segundo o considere necesario, para ver o grao de cumprimento e en caso de encontrar deficiencias **NON SE AUTORIZARÁ O SACRIFICIO** ata que se emenden.

En caso necesario levantarase a correspondente acta de inspección.

1.1- REXISTRO das condicións hixiénico-sanitarias da sala de sacrificio e operarios ao inicio da xornada laboral

Porase á disposición do servizo veterinario ao inicio da xornada laboral, antes de empezar o sacrificio.

Exemplo de rexistro das empresas

https://vetmaga.sergas.gal/Contidos/Documents/238/Taboa_inicio_xornada.pdf

CONDICIÓNS HIXIÉNICAS DA SALA DE SACRIFICIO E OPERARIOS O INICIO DA XORNADA	
MATADOIRO.....	DATA.....
	CONFORME SI/NO
Esterilizadores a 82 C	
Dous coitelos por posto de traballo	
Agua quente en todos os postos de traballo	
Material de uso exclusivo	
Roupa adecuada e limpa	
Limpeza adecuada sen suciedade visible	
Medidas correctoras	
Asinado: O responsable da Empresa	



https://vetmaga.sergas.gal/Contidos/Documents/293/Guia_Semaga_supervision_protocolos.pdf

2.3- CADRO DE DECISIÓNS

CONDICIÓNS HIXIÉNICO-SANITARIAS DA SALA DE SACRIFICIO E OPERARIOS O INICIO DA XORNADA			
INCUMPRIMENTOS	ADOPCIÓN DE MEDIDAS	COMUNICACIÓNS	REXISTROS
Hallazgos de deficiente hixiene (restos orgánicos) en superficies de traballo, equipos e utensilios no preoperativo	Impedir o uso de equipos, superficies, útiles ata a comprobación da corrección da hixiene.	Operador do matadoiro	Semaga - Actas - Informes
Equipos de desinfección de coitelos non alcanzan 82º C en preoperativo/operativo	Instar o operador a revisar os plans RPHT	Operador do matadoiro	Semaga - Actas - Informes

https://vetmaga.sergas.gal/Contidos/Documents/237/Cadro_medidas_inicio_xornada.pdf